



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO XOVES 30 DE XANEIRO DE 2020

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a trinta de xaneiro de dous mil vinte, sendo as vinte horas, ten lugar a sesión ordinaria, en primeira convocatoria, do Pleno municipal, presidida pola alcaldesa-presidenta D.^a Alejandra Pérez Máquez, do grupo municipal socialista, e coa asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

Grupo municipal Socialista (PSdG-PSOE):

D.^a Patricia María Vázquez Figueroa
D.^a María Begoña Calviño Dorado
D. Juan Francisco Sánchez López
D. Santiago Franco Blanco
D. José Ramón Lorenzo Carou

Grupo municipal do Partido Popular (PP)

D. Francisco Manuel Fafián Torreiro (voceiro)
D.^a Alicia María Souto Ramos
D. Miguel Ángel Iglesias Mesías

Grupo municipal de Alternativa dos Veciños (AV)

D. Juan Antonio Fariña Pedreira (voceiro)
D. Eloy Babío Veiga

Grupo Mixto

D. David Carro Temprano (BNG)

Non asiste:

D.^a María del Loreto Caseiras Arroyo (PP)

Foron asistidos pola interventora municipal, D.^a Laura Gutiérrez Ortiz, e pola secretaria, D.^a Ana M.^a Cacharrón Castelos.

ORDE DO DÍA:

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2019 E EXTRAORDINARIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2019
2. DAR CONTA DAS ACTAS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS
3. CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE 2020. ACORDOS QUE PROCEDAN
4. DESINACIÓN DUNHA PRAZA PÚBLICA A NOME DE JOSÉ GARCÍA VERDÍA. ACORDOS QUE PROCEDAN
5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE FINANCIAMENTO ÁS EELL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
- 5.BIS. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN AO SERVIZO DE PEDIATRÍA

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA
7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE A CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN AGROPECUARIA
8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SUMA DO CONCELLO DE BERGONDO AO SELO "CONCELLOS EMPRENDEDORES"
9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO AO SECTOR MAR-INDUSTRIA ALIMENTARIO DA COMARCA FRONTE AO PROXECTO DE REFORMA DA LEXISLACIÓN DE COSTAS
10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE SOLICITUDE AO CONGRESO DOS DEPUTADOS DE INTERPELACIÓN AO PRESIDENTE DO GOBERNO SOBRE OS PACTOS DE GOBERNO
11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE CON GALICIA.
12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA
13. MOCIÓNS URXENTES
- 14- ROGOS E PREGUNTAS

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO DÍA 28 DE NOVEMBRO DE 2019 E EXTRAORDINARIA DO 18 DE DECEMBRO DE 2019

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes á sesión ordinaria do 28 de novembro de 2019 e sesión extraordinaria do 18 de decembro de 2019, a través de documentos remitidos por correo electrónico. De conformidade co disposto no artigo 91.1 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a Sra. alcaldesa preguntalles aos/ás concelleiros/as se teñen algunha observación que formular ás ditas actas.

Toma a palabra o sr. Carro Temprano e indica que na acta do 28 de novembro, páxina 5, na súa intervención, onde se recolle “... e ésta polo explicado é a menos acaída para as partes”, debe recoller xusto o contrario, que é o que él dixo: “... e ésta polo explicado é a máis acaída para as partes”.

Non formulándose máis observacións, postas a aprobación as actas das sesión ordinaria do 28 de novembro de 2019 coa emenda indicada, e extraordinaria do 18 de decembro de 2019, por unanimidade de votos a favor (doce), apróbanse as referidas actas.

2. DAR CONTA DAS ACTAS DO CONSORCIO DAS MARIÑAS

Dáse conta aos/ás asistentes das últimas actas do 20 de abril de 2018, 29 de outubro de 2018, 1 de marzo de 2019 e 14 de novembro de 2019, sinaladas neste punto da Orde do día, e que foron remitidas aos/ás rres./as. concelleiros/as para o seu coñecemento.

O Pleno queda enterado.

3. CONSTITUCIÓN DA MANCOMUNIDADE 2020. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE: 2020/X999/000014

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020. A sra. Alcaldesa, indica que propón a inclusión dunha emenda no punto primeiro da parte dispositiva do ditame, no sentido de que quede redactado do

seguinte xeito: “**PRIMEIRO.** Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade consonte coa regulación contida na lexislación vixente, coa fin, no momento procedimental oportuno, de disolver o Consorcio As Mariñas.”

...//...

“ANTECEDENTES

PRIMEIRO. O réxime xurídico dos consorcios modificouse polo establecido na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, que modifica a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e se recolleu na Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

SEGUNDO. A aprobación do Consorcio realizouse por Resolución de 18 de xullo de 2000 conforme ao disposto no artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 150 e seguintes, así como os 137 e seguintes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia: “Os concellos de Abegondo, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada, todos eles da provincia da Coruña, constitúen un consorcio local, sen prexuízo dos que poidan incorporarse no futuro conforme ás previsións estatutarias, de conformidade co establecido nos artigos 37 a 40 do Regulamento de servizos das corporacións locais, aprobado por Decreto do 17-6-1955; artigos 3, 26, 47.3º b), 57, 85 e 87 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; artigos 35, 36 e 110 do R.D. legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; artigo 7 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; artigos 2 ao 6, 8, 137 e ss., 149 ao 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia; así como Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos; demais concordantes e de aplicación.”

A orde do 10 de decembro de 2008 modificou os estatutos do Consorcio As Mariñas.

TERCEIRO. Aprobouse por maioría absoluta de cada pleno de todos os concellos que conforman o consorcio o acordo de incoación do expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas entre os Concellos de Abegondo (25.03.2015), Arteixo (12.03.2015), Bergondo (05.03.2015), Betanzos (09.03.2015), Cambre (23.12.2014), Carral (26.03.2015), Culleredo (12.03.2015), Oleiros, (26.02.2015) e Sada (23.03.2015) todos eles da Provincia da Coruña, coa finalidade de proceder á xestión común dos servizos que ven prestando actualmente o Consorcio As Mariñas.

En data 22.09.2015 a comisión xestora acordou convocar a asemblea integrada por todos os concelleiros dos concellos interesados para que aprobe provisionalmente o texto inicial No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade e separarse do consorcio, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista. Na reunión de alcaldes de data 04.03.2016 ese membro segue a mostrar a mesma vontade, sen achegar acordo formal ao respecto.

O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu i texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe.

CUARTO. No pleno extraordinario e urxente de data 30.09.2015 mostrouse a posible vontade por parte dun membro do consorcio de non continuar cos trámites da mancomunidade, o que derivou na anulación da convocatoria da asemblea prevista.

QUINTO. En data 04.04.2016 o Presidente da comisión xestora enviou escrito ao Concello de Arteixo para que achegue acordo formal onde se mostre a súa vontade de continuar ou non cos trámites previstos.

SEXTO. O 29.07.2016 a asemblea de concelleiros para a constitución da mancomunidade aprobou inicialmente os estatutos para a transformación en mancomunidade. O anuncio de apertura do período de información pública foi publicado no DOG nº 152 de data 11.08.2016 e no BOP de A Coruña nº 150 de 09.08.2016. A Deputación da Coruña en data 09.09.2015 emitiu o preceptivo informe favorable aos Estatutos aprobados inicialmente. E a comisión xestora o 10.10.2016 resolveu as alegacións e remitiu o texto de estatutos á Dirección Xeral da Administración local para o seu preceptivo informe. Este expediente foi suspendido mediante acordo da comisión xestora de data 04.11.2016.

SÉTIMO. En data 06.06.2016 o Pleno do Consorcio reiterou a solicitude para que adoptase o acordo no próximo pleno ordinario que celebre o concello de Arteixo.

OITAVO. En data 06.10.2016 o Concello de Oleiros presentou unha moción para adaptar os Estatutos do Consorcio.

NOVENO. Varios membros do Consorcio de As Mariñas e o Concello de A Coruña asinaron o 20.10.2016 unha declaración para que se inicien os trámites de conformación da área metropolitana.

DÉCIMO. O 02.12.2016 o Pleno do Consorcio das Mariñas aprobou inicialmente a modificación dos Estatutos para adaptarse ao preceptuado na disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, e na Lei 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMOPRIMEIRO. O 29.12.2016 O Concello de Arteixo acorda en Pleno ordinario o exercicio do dereito de separación do Consorcio As Mariñas, o que foi comunicado na mesma data ao Consorcio.

DÉCIMOSEGUNDO. No pleno do Consorcio de data 04.11.2016 Presidencia propuxo a aprobación inicial da modificación dos estatutos, asunto que quedou pendente por varias propostas de mellora no texto de Estatutos.

DÉCIMOTERCEIRO. O Pleno do consorcio, con data 17.11.2017 aprobou, cos efectos previstos no artigo 126 da lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, a liquidación provisional pola saída de Arteixo do Consorcio das Mariñas conformada pola cota de separación do consorcio do Concello de Arteixo e que a data de separación do concello de Arteixo sexa efectiva o 31 de decembro de 2017. En data 18.12.2019 acordou a saída definitiva do Concello de Arteixo.

DÉCIMOCUARTO. O Pleno do consorcio con data 18.12.2019 aprobou solicitar aos concellos para que inicien o expediente de constitución dunha Mancomunidade co gallo da transformación do Consorcio As Mariñas.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (art. 25.2.j) e c) e art. 26)
- A Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público
- Os artigos 22.2.b), 44 e 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- Os artigos 35 e 36 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.
- A Lei 5/1997 de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.

- Os artigos 31 a 39 do Real Decreto 1690/1986, de 11 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial.
- O Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais.
- A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local
- A Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local.
- A Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. O procedemento para a adaptación dos Estatutos do Consorcio será o seguinte [Seguindo as regras previstas para a creación dunha mancomunidade, de acordo ao establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e a lei 5/1997]:

A. A iniciativa para a constitución de Mancomunidades deberá ser aprobada por cada un dos Municipios que a asuman mediante Acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Concello.

B. A elaboración dos estatutos, dos que o contido mínimo será o que se sinala no artigo 142 da Lei 5/1997, será competencia da Comisión Xestora, que os aprobará inicialmente, e a súa aprobación provisional corresponderalle a unha asemblea integrada por tódolos concelleiros dos concellos interesados. Esta asemblea será convocada polo presidente da Comisión Xestora, e para a súa válida constitución requirirá a asistencia, polo menos, da maioría absoluta dos membros de dereito dela, cumprindo a presenza, como mínimo, dun representante de cada municipio

C. O proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, polo prazo dun mes, a informe da Deputación ou das deputacións provinciais interesadas, entenderase favorable se no devandito prazo non fose emitido e expoñerase a información pública por un período dun mes para que sexan presentadas, por parte dos interesados, as observacións ou suxestións que estimen precisas.

D. Rematado o prazo de información pública e antes da aprobación definitiva, seranlle remitidos os estatutos, xunto coa resolución das reclamacións que fosen presentadas, á Consellería competente en materia de réxime local para o seu informe, e esta poderá formula-las observacións de legalidade así como as suxestións e propostas que considere convenientes. Se do informe ó que se refire o parágrafo anterior resultasen modificacións do proxecto de estatutos provisionalmente aprobado, someteranse aquelas á consideración da Comisión Xestora, que, de non aceptalas, estará obrigada á convocatoria da asemblea de concelleiros para unha nova discusión delas. Tras esta nova xuntanza da asemblea decidirase se se continúa ou non co procedemento ata a aprobación definitiva dos estatutos e a constitución da mancomunidade.

E. Os Estatutos da Mancomunidade deberán ser aprobados polos Plenos dos respectivos Concellos, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

Por outra banda, de acordo co artigo 127.5 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público as entidades consorciadas poderán acordar, coa maioría que se estableza nos estatutos, ou a falta de previsión estatutaria por unanimidade, a cesión global de activos e pasivos a outra entidade do sector público xuridicamente adecuada coa finalidade de manter a continuidade da actividade e alcanzar os obxectivos do consorcio que se extingue. A cesión global de activos e pasivos implicará a extinción sen liquidación do consorcio cedente.

SEGUNDA. O artigo 44 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, recoñece aos Municipios o Dereito a asociarse con outros en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados. As mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios. As Mancomunidades non poderán asumir a totalidade das competencias asignadas aos respectivos Municipios.

TERCEIRA. Os Estatutos das Mancomunidades municipais haberán de expresar, polo menos, os seguintes extremos:

- a) Os Municipios que comprende a Mancomunidade.
- b) O lugar en que radiquen os seus Órganos de Goberno e Administración.
- c) O número e forma de designación dos representantes dos Concellos que han de integrar os Órganos de Goberno da Mancomunidade.
- d) Os fins da Mancomunidade e as súas competencias.
- e) Os seus recursos económicos.
- f) O prazo de duración.
- g) O procedemento para modificar os Estatutos.
- h) As súas causas de disolución.

CUARTA. De acordo co Real Decreto 382/1986, de 10 de febreiro, polo que se crea, organiza e regula o Funcionamento do Rexistro de Entidades Locais, no prazo dun mes desde a constitución do órgano de goberno da Mancomunidade, deberase solicitar polo seu Presidente a inscrición no Rexistro de Entidades Locais.

Visto o informe emitido por secretaría e intervención.

Dado que o inicio do expediente deberá referendarse co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada un dos Concellos que asuman a iniciativa, de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o que subscribe eleva a seguinte proposta de resolución:

PRIMEIRO. Incoar expediente de constitución dunha Mancomunidade consonte coa regulación contida na lexislación vixente, coa fin, no momento procedimental oportuno, de disolver o Consorcio As Mariñas.

SEGUNDO. Expressar a vontade de concorrer á Asemblea e designar a Alejandra Pérez Máquez, alcaldesa-presidenta, e Juan Antonio Fariña Pedreira, segundo tenente de alcalde, como representante e suplente respectivamente do Concello de Bergondo na Comisión xestora que se encargue de elaborar o anteproxecto de Estatutos (que tomará como base os actuais estatutos do consorcio As Mariñas) e de tramitar o procedemento ata a constitución dos Órganos de Goberno da Mancomunidade.

TERCEIRO. Deixar sen efecto os acordos plenarios anteriores sobre a mancomunidade.

CUARTO. Facultar á alcaldesa-presidenta para a xestión e firma de cantos documentos sexan necesarios.

Bergondo, 20 de xaneiro de 2020.

A Alcaldesa-Presidenta. Alejandra Pérez Máquez”

A Sra. alcaldesa fai referencia a nova redacción que se fai do punto 1 do acordo. Xa desde o ano 2013 a lei obriga aos consorcios a adaptarse a normativa ou a extinguirse, e isto está orixinando perxuícios ao concello de Oleiros, ao que estaría adscrito o actual consorcio. A intención na actualidade é retomar a idea orixinaria do ano 2015 de crear unha mancomunidade de municipios voluntaria, e paralelamente continuar avanzando

na creación da área metropolitana, liderada pola cidade da Coruña, proceso este último máis complexo e menos inmediato que a referida mancomunidade das Mariñas. Isto vai requirir a redacción de novos estatutos.

O Sr. voceiro do PP manifesta que lles parece adecuado optar pola opción que xa se baraxou no ano 2015. E plantexa unha duda con respecto ás competencias polas que foi creado o consorcio, obrigado só a liderar ou consorciar a recollida do lixo e non outras actividades mancomunadas, que se verán limitadas.

A Sra. alcaldesa responde que o consorcio deixou de prestar algún servizo que viña prestando porque non se contempla ou non hai unha delegación expresa (probos deportivas, promoción económica, turística, do emprego, programación cultural...). A delegación expresa só se contempla no servizo de recollida de lixo, lacería e servizos sociais especializados. Na nova mancomunidade preténdese incorporar novos servizos que se poidan levar a cabo.

O Sr. voceiro do grupo mixto amósase partidario de “comarcalizar” servizos, pero discrepa con algunha forma de funcionamento do consorcio, polo cal o seu voto será a abstención.

O Sr. Voceiro de AV reafírmase no seu apoio á nova redacción do punto 1 do acordo.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame emendado a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: unha (1) abstención. Total once (11) votos a favor e unha (1) abstención, que representa a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, segundo esixe o artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por maioría absoluta de votos a favor** o ditame emendado que devén en acordo nos termos antes transcritos

4. DESINACIÓN DUNHA PRAZA PÚBLICA A NOME DE JOSÉ GARCÍA VERDÍA. EXPEDIENTE. 2020/X9998/000029

Dáse conta da proposta ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“Con data 12 de de xaneiro de 2020, e numero de rexistro de entrada 202099900000044, a Asociación José García Verdía, presenta ante o Concello un total de 800 sinaturas, constituída para promover unha homenaxe ao falecido cura párroco de Guísamo, achegando os méritos do mesmo, na implicación total na parroquia, co acondicionamneto da igrexa e o cemiterio, e afrontando tarefas tan varidas e necesarias, como dotar de traída de auga á parroquia, feito éste que sería a súa aportación máis valorada e recordada; apertura de camiños; impulsar os procesos de asociación; unido ao seu importante papel de educador, e total dispoñibilidade para quen o solicitase, e engadindo a súa insaciable curiosidade intelectual, que o fixo manexarse con soltura nun increíble número de linguas.

O Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo, publicado no BOP núm. 70 do 26.03.2007, recolle no seu artigo 19, que o Pleno da Corporación poderá designar unha vía pública, complexo urbano, ou instalación municipal co nome dunha persoa vinculada ó pobo de Bergondo, a fin de recoñecerlle especiais merecementos ou servizos extraordinarios.

O trámite recollido no citado regulamento é o contido nos artigos 20 e seguintes do devandito regulamento.

Indica que se iniciará por resolución da alcaldía, que nomerá un instructor e logo éste un secretario. Dado o coñecemento desta alcaldía dos pasos dados pola asociación, neste suposto, asumiu esta alcaldía a fase instrutora.

Consta incorporado ao expediente o citado escrito, no que constan máis que sobradamente os méritos para acreditar o nomeamento dunha praza co nome de José García Verdía; ademais consta tamén a documentación relativa á titularidade pública da praza de Guísamo, sita ao carón da antiga reitoral.

No uso das atribucións legalmente conferidas, pola presente, propoño á comisión informativa de asunto do pleno, que ditamine favorablemente a seguinte proposta de acordo:

ÚNICO. *Desinar a praza pública de Guísamo como Praza José García Verdía, ao abeiro do disposto no artigo 19 do Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos do Concello de Bergondo.*

Bergondo 20 de xaneiro de 2020. A alcaldesa-presidenta”

A Sra. Alcaldesa alude á petición da asociación creada especificamente para homenaxear ao falecido párroco de Guísamo (D. José García Verdía) que conta coa recollida de oitocentas sinaturas dos veciños e un informe que reflite o labor desta persoa. Destaca o seu labor pedagóxico e no ámbito das infraestruturas, así coma o de ceder unha parte da súa biblioteca especializada en temas de medicina ao municipio (hoxe ubicada no centro da Senra). Está previsto rendirlle unha homenaxe cun xantar, unha exposición fotográfica e a colocación dun monolito cedido polos veciños o próximo 7 de marzo.

O Sr. voceiro do PP comenta o labor do referido párroco como impulsor da transformación de Guísamo; menciona a traida de auga, o teléfono e distintas actividades sociais e culturais. E reconece a iniciativa dos veciños como impulsores desta idea.

O Sr. Voceiro do grupo mixto tamén reconece o labor social do Sr. García Verdía e di que van apoiar a proposta.

O Sr. Voceiro de AV promove e apoia tamén estas accións e algunha máis atribuíble a D. José como a súa faceta de ensino e de traductor de obras clásicas.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese o ditame a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, consonte co esixido no artigo 23 do Regulamento especial de honras, distincións e nomeamentos (BOP núm. 70 do 26.03.2007)

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobado, por unanimidade de votos a favor** o ditame que devén en acordo nos termos antes transcritos

5. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE SOBRE FINANCIAMENTO ÁS EELL NA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“O grupo municipal dos socialistas de Bergondo, de acordo ao amparo do previsto no Regulamento de

8 (31)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os concellos somos a administración máis próxima á cidadanía, estando en contacto directo coa veciñanza. Pero estamos a asumir, cada vez máis, competencias impropias, que deberían asumir outras administracións. Competencias que non veñen acompañadas do suficiente e/ou correspondente financiamento co que facerlles fronte.

A Axuda no Fogar é unha desas competencias impropias xa que corresponde ás administracións autonómica e estatal pero que, cada vez de xeito máis preocupante, está a supoñer unha carga financeira, ás veces xa inasumible, para os orzamentos locais.

A Xunta de Galicia aporta dende o ano 2008 9.70 €/hora (como máximo) sen levar a cabo ningunha actualización, quedando estancado o prezo/hora. Outras administracións, como a Deputación de A Coruña, aportan, dende o ano 2018, 12 €/hora: un prezo máis acorde co custe total do servizo.

O que está a suceder neste momento é que os concellos nos vemos na obriga de actualizar as licitacións para a prestación deste servizo. Estas novas licitacións, ás que agora temos que facer fronte dende os concellos, contemplan actualizacións de prezos que van dende os 16€/hora ata os case 23€/hora, xa que, como é normal, nos últimos anos, os salarios incrementáronse e os convenios colectivos modificáronse.

Dito incremento de prezo/hora redundará, en grande medida en:

- Unha xusta mellora nas precarias condicións contractuais que a día de hoxe sofren as traballadoras (na súa inmensa maioría) e os traballadores deste servizo.
- Unha mellora das prestacións ás persoas usuarias (fundamentalmente persoas maiores e dependentes).

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta:

1.- A Xunta de Galicia e o Goberno do Estado a asumir o custo dunha competencia que lle é propia, ou cando menos, dotar aos concellos das cantidades orzamentarias suficientes para facerlles fronte, chegando como mínimo á achega que fai a Deputación de A Coruña.

2.- A Xunta de Galicia a negociar e aprobar cos concellos, a través da FEGAMP, nos primeiros catro meses do ano 2020, un sistema de financiamento xusto e acorde coas condicións laborais do ano 2020 que permita aos concellos manter e mellorar o servizo de atención á dependencia e axuda no fogar.

*Bergondo, xaneiro 2020. Asdo Patricia Vázquez Figueroa
Voceira do Grupo PSdG-PSOE de Bergondo”*

A Sra. alcaldesa dálle a palabra á concelleira da área de Benestar Social.

A Sra. Calviño Dorado defende a moción presentada polo seu grupo municipal pola necesidade de licitar un novo convenio colectivo dos traballadores do servizo de axuda no fogar (SAF) e a actualización dos seus salarios. Esta competencia que está asumindo o Concello vai supoñer un incremento nos orzamentos municipais, e por iso o goberno autonómico e o goberno central deberían axudar a sufragar estes custos.

O Sr. voceiro do PP xustifica que o seu voto vai ser en contra dicindo que o SAF é un servizo mínimo e obrigatorio para os concellos, segundo a lei de Servizos Sociais. Achega cifras do importante esforzo económico que a Xunta está a facer ca financiación deste servizo de dependencia e axuda no fogar aos concellos. E recalca que o goberno central é o que está desatendendo as súas obrigas nesta materia.

O Sr. voceiro do grupo mixto sinala que o SAF é un servizo básico para maiores e dependentes, e que debe haber un compromiso firme por parte de todas as administracións para ofrecer un servizo óptimo e de calidade.

O Sr. voceiro de AV apoia a moción, destacando o de ser consecuente e responsable á hora de instar á Xunta e ao goberno do Estado para que cumpra cos compromisos necesarios, independentemente de quen governe.

A Sra. alcaldesa aclara que na moción estase instando á Xunta e tamén ao goberno do Estado, estase solicitando financiación axeitada para as entidades locais aos organimos que teñen competencias neste ámbito. Nos próximos meses prevese por parte da Xunta un incremento do número de horas para poder asistir aos veciños, e o que se está solicitando é unha actualización do prezo da hora que leva máis de dez anos sen actualizar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e tres (3) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor**, a moción que devén en acordo nos termos antes transcritos.

5.BIS. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOBRE A POLÍTICA DO GOBERNO GALEGO EN RELACIÓN AO SERVIZO DE PEDIATRÍA

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

*“O grupo municipal dos socialistas de Bergondo, de acordo ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN** sobre sobre a política do Goberno galego en relación ó servizo de pediatría.*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Durante o pasado verán de 2018, a Xunta de Galicia asumiu, de forma clara, a decisión de concentrar os servizos de pediatría en atención primaria en torno ás vilas e poboacións máis poboadas das comarcas da nosa provincia.

Esta decisión ten que ver coa necesidade, cada vez máis recorrente, de resolver o problema derivado das vacacións e baixas dos e das profesionais que prestan servizo no Sergas, e a ausencia de número suficiente de profesionais de pediatría para cubrir estas ausencias.

Noutros centros, a ausencia de pediatra cóbrese con médicos de medicina familiar. Esta problemática soe estar, fundamentalmente, concentrada no rural, sendo un exemplo máis de:

- Manifesta falta de compromiso do goberno galego hacia o rural da nosa provincia.*
- Posta en práctica dunha clara intención de concentración da poboación en vilas e cidades.*
- Irresponsabilidade como goberno de afrontar, de xeito serio e real, o grave problema demográfico que estamos a vivir na nosa provincia, ao igual que no conxunto de Galicia.*

O peor desta situación é que a Xunta de Galicia non é quen de garantir que a agrupación de profesionais ou

a agrupación de varios concellos nun único Centro de Atención Pediátrica sexa unha decisión temporal, senón máis ben o contrario, o que acentúa a preocupación de pais e nais que cada vez dubidan máis da continuidade do servizo de pediatría en primaria nos seus centros de saúde de referencia por profesionais especialistas en pediatría.

Existen diversos problemas que recrudecen o problema da ausencia de profesionais de pediatría:

- Unha nula vontade do Goberno galego para reclamar do Goberno de España nos últimos anos o aumento notorio de prazas de MIR previa*
- Deficiente política laboral que prima a inestabilidade e eventualidade nos profesionais*
- Ausencia de políticas de contratación con visión a medio e longo prazo que non só eviten a fuga de profesionais de Galicia a outras comunidades autónomas, senón que procure incorporar ao sistema galego a profesionais doutros lugares.*

O problema do deficiente número de profesionais ten consecuencias na perda de calidade do servizo, de aí a agrupación de pediatras en torno a centros de saúde que funcionan como puntos de referencia comarcais.

É urxente considerar o servizo de pediatría coa importancia que merece e facer un plantexamento común que resolva o problema actual e deseñe as medidas a medio e longo prazo para estabilizar a situación da pediatría coa vontade de fortalecer un servizo moi demandado, valorado e necesario para cidadanía.

É o caso do Concello de Bergondo que dende o verán pasado non se cobren as vacacións de pediatría nos centros de Saúde (Guísamo e Bergondo), tendo que desprazar ás súas pequenas e pequenos ao Centro de Saúde de Sada (atendendo só as urxencias), situado a 10.km do noso Concello, ou do contrario ser atendido polo médico de familia sen experiencia nin formación pediátrica de ningún tipo.

Polo anteriormente exposto, esta Corporación Local insta o Goberno galego:

- 1. Dotar da maior estabilidade posible aos/as profesionais de pediatría, traballadores do Sistema galego de saúde, co obxecto de que non se consolide a súa precaria situación laboral, evitando así a fuga de profesionais por motivos de condicións laborais.*
- 2. Retrasar voluntariamente a idade de xubilación dos profesionais.*
- 3. Desenvolver un plan de contratación de profesionais de pediatría en atención primaria, abrindo a posibilidade de incorporar o maior número posible de especialistas, para obter unha solución o máis áxil posible do problema da ausencia de persoal para o servizo.*
- 4. Acordar co Goberno de España a axilización dos procesos de acreditación de prazas de novo ingreso á formación especializada en pediatría, e dotar dos recursos necesarios aos centros sanitarios para que exista a mellor cobertura posible de todo o proceso formativo. Continuar coa implantación de enfermaría pediátrica, xa que a pesar da creación da especialidade no ano 2005, o impacto deste novo especialista en atención á infancia en Atención Primaria é escasa ou nula.*

*Asdo Patricia Vázquez Figueroa
Voceira do Grupo PSdG-PSOE de Bergondo”*

A Sra. alcaldesa dálle a palabra á concelleira da área de Benestar Social.

A Sra. Calviño Dorado defende a moción presentada polo seu grupo municipal dada a situación que se está a vivir nestes momentos no concello: hai un só pediatra que atende os centros de saúde de Guísamo e Bergondo e non se están substituindo as súas ausencias. Isto supón un esforzo para as familias de Bergondo

que teñen que desprazarse cos seus nenos e nenas ós concellos limítrofes ou o propio hospital Teresa Herrera para seren atendidos.

O Sr. voceiro do PP enumera certas medidas que se están adoptando por parte do Sergas: convocatorias anuais de ofertas de emprego público para pediatría e especialista en enfermería (entre outros), o carácter estable destes postos, concursos de traslados, incremento das prazas mir, retrasar a idade de xubilación destes profesionais... Recoñece que sí faltan pediatras, pero que se están tomando medidas ao respecto e que este problema non só ocorre en Galicia.

O Sr. voceiro do grupo mixto menciona que se podería traer pediatras doutros lugares coma Portugal, recoñecendo que a situación precaria que se está vivindo non ocorre só en Bergondo, senón tamén en moitos outros concellos. Apoia a proposta, en defensa dunha sanidade pública de calidade.

A Sra. alcaldesa recoñece que sí se están tomando medidas por parte da Xunta para solucionar este problema, pero quizais debería haberse actuado xa antes do ano 2016. O caso de Bergondo non se atopa entre os peores, hai concellos cunha situación aínda máis grave, pero en calquera caso este é un tema que a Xunta debe abordar.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total nove (9) votos a favor e tres (3) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor**, a moción que devén en acordo nos termos antes transcritos.

6. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propon ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Mellora da sanidade pública”

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Corporación municipal do Concello de Bergondo está preocupada pola situación e perspectivas da sanidade pública tanto do noso concello como da Área de Saúde á que pertencemos, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida por Feijoo, baseada no recorte de recursos e orzamento, o desmantelamento de hospitais comarcais e dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, a precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres.

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos e todas.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Creemos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación municipal como representantes do conxunto da cidadanía, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberiamos traballar conxuntamente para que no noso concello e na Área Sanitaria se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os municipios da Área Sanitaria necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo exposto anteriormente, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte
ACORDO

Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro 9 de febreiro en Compostela.

Que o Concello de Bergondo inste ao Servizo Galego de Saúde, dependente da Xunta de Galicia a:

- 1.- Cesar da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais da nosa área.*
- 2.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.*
- 3.- Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.*
- 4.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios da área sanitaria, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.*
- 5.- Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.*
- 6.- Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.*
- 7.- Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.*
- 8.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.*

Comunicar a presente moción da Corporación Municipal de Bergondo á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para o Concello, a máxima difusión ao seu contido.

Bergondo, a 21 de xaneiro 2020”

O Sr. voceiro do grupo mixto enumera as principais carencias sanitarias que existen na sanidade pública e insta a apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública o vindeiro día nove de febreiro. Indica que o incremento do orzamento destinado a sanidade para o exercicio 2020 pode deberse a ser un ano pre-electoral.

A Sra. alcaldesa manifesta estar de acordo coa proposta de SOS Sanidade Pública e súa intención de participar na referida manifestación, así como de apoiar esta moción.

O Sr. voceiro do PP achega datos numéricos para xustificar que a sanidade actual non é “tercermundista”, e di que a partida do orzamento destinado á sanidade vai medrando paulatinamente tódolos anos.

O Sr. voceiro de AV apoia o texto desta moción en defensa da sanidade pública galega, e amosa preocupación porque de seguir recorrendo a certas políticas poderase chegar a unha situación de precarización da sanidade pública en favor da privada, que contará cada vez con máis recursos.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total oito (9) votos a favor e tres (3) votos en contra.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por maioría de votos a favor**, a moción antes transcrita.

7. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO SOBRE CREACIÓN DUN VIVEIRO DE EMPRESAS E CENTRO DE TRANSFORMACIÓN AGROPECUARIA

Dáse conta da moción emendada ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“David Carro Temprano, con DNI 47366222-E, en calidade de concelleiro portavoz do BNG (Bloque Nacionalista Galego) no Concello de Bergondo, propón ao Pleno para a súa aprobación a seguinte moción sobre “Creación dun viveiro de empresas e centro de transformación agropecuaria”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desemprego é unha das principais preocupacións da cidadanía. O noso concello non é alleo e según os últimos datos coñecidos conta con 341 persoas no desemprego, polo que debe implicarse na redefinición do modelo produtivo, avanzando cara a un novo modelo económico garante do benestar para todas as persoas.

Diante desta situación, no BNG entendemos que as Administracións Públicas, especialmente os concellos como administración máis próxima, deben ter un papel activo na procura de novas oportunidades de emprego. Por iso, consideramos que o Concello de Bergondo debe involucrarse na potenciación de alternativas de autoemprego no municipio e potenciar as posibilidades e poñer en valor os recursos que Bergondo ten para crear emprego e conseguir maior desenvolvemento económico.

Unha opción para crear novas oportunidades de emprego pasa pola constitución dun viveiro de empresas e un centro de transformación agropecuaria para pequenos produtores locais e da comarca.

Un viveiro de empresas é unha estrutura física deseñada para acoller emprendedores e empresas de recente creación, proporcionándolles instalacións e servizos de apoio, e unha cobertura básica que axuda no arranque do negocio e mellora as súas expectativas de supervivencia. Nestas instalacións hai servizos comúns de recepción e central con sala de xuntas, e os despachos para uso dos emprendedores. Os usuarios achegan unha cota para cubrir parcialmente os gastos de funcionamento (luz, auga, limpeza, ...). As firmas que se instalen deben iniciar a súa actividade nun prazo estipulado no regulamento de uso a contar dende a súa admisión. Igualmente, para a admisión terase como criterio a garantía de que son novos proxectos.

Encamiñado a optimización de recursos públicos, o BNG avoga pola colaboración entre administracións, polo que consideramos que unha situación óptima para este viveiro de empresas sería as antigas instalacións do LIGAL (Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite), por varios motivos, como a súa situación moi preto do Polígono Industrial, ou os seus bos accesos a carón da N-VI e preto do enlace da autopista en Guísamoe Sta. Marta de Babío. Deste xeito sería unha boa opción para que, coa reforma necesaria, puidese dar servizo a novos emprendedores, e ao mesmo tempo dar uso a un edificio público baleiro dende o traslado do LIGAL, a pesar de que hai anos que se especula coa súa cesión, como sede do Consorcio das Mariñas, que non se ten concretado, anque dadas as dimensións do edificio, podería dar cabida a todos.

Así mesmo, o proxecto de viveiro de empresas veríase completado por un centro de transformación da produción agropecuaria, servizo do que carece a nosa comarca a pesar de ter un sector produtivo

importante. Este centro axudaría aos produtores de horta, carne ou lácteos, a dar valor engadido aos seus produtos, e polo tanto, tamén na comercialización e contribuiría a manter e crear emprego no sector primario, axudando a fixar poboación na comarca.

Por todo o exposto, o BNG propón ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte

ACORDO

1- Instar ao Goberno Local a solicitar a Xunta de Galicia que asuma as súas competencias en relación co seu inmovible no que se situaba o LIGAL (Laboratorio Galego de Análise do Leite), en materia de conservación e seguridade xa demandadas por este concello, e que proceda á súa rehabilitación integral para o seu posterior uso e habilitación como un viveiro de empresas e centro de transformación agropecuaria, e realizadas todas estas actuacións, a súa posterior cesión a unha entidade comarcal xestora, como por exemplo o GDR Mariñas- Betanzos.

2- Facultar á Alcaldía, ou concelleira/o en que delegue, para adoptar cantas decisións sexan precisas para o cumprimento deste acordo.

En Bergondo a 21 de xaneiro de 2020 “

O Sr. voceiro do grupo mixto recalca, tras dar lectura á moción presentada, que sería moi interesante dotar de uso ás instalacións do antigo LIGAL como viveiro de empresas e centro de transformación agropecuaria.

A Sra. alcaldesa sinala que sería unha boa oportunidade destinar o referido edificio como viveiro de empresas e tamén para os produtores da zona, tendo en conta ademais a óptima ubicación na que se atopa.

O Sr. voceiro do PP manifesta que lle parece unha proposta axeitada.

O Sr. voceiro de AV entende que a Xunta de Galicia, como propietaria deste inmovible actualmente en estado de abandono, debe ser a responsable de acometer as obras de restauración e rehabilitación que precise, con independencia do destino que se chegue a dar. Alude a que en outubro de 2017 o concello remitiu un informe do estado do inmovible solicitando a adopción dunha serie de medidas á Consellería de Medio Ambiente, á Vicepresidencia da Xunta e á Consellería de Infraestruturas e Vivenda, e non se obtivo ningunha resposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción emendada a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSDG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **aprobada, por unanimidade de votos a favor** a moción que devén en acordo nos termos antes transcritos.

8. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE A SUMA DO CONCELLO DE BERGONDO AO SELO “CONCELLOS EMPREENDEDORES”

Dáse conta da moción ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

*“O grupo municipal do PP, ao amparo do disposto nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais presenta ante o Pleno da Corporación Municipal esta **MOCIÓN**, con base nos motivos e consideracións desenvoltoas na seguinte:*

Exposición de Motivos:

A Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) firmaron en outubro de 2017 un convenio de colaboración para impulsar a creación do selo “Concellos Emprendedores”.

Esta iniciativa, enmarcada dentro da nova Lei de implantación empresarial, ten como obxectivos contribuír á captación de investimentos para os concellos e para Galicia no seu conxunto, fidelizar empresas con necesidades de expansión e facilitar a creación de novas firmas.

Para ser Concello Emprendedor é preciso comprometerse a achegarlles ás empresas e aos/ás emprendedores/as:

- **Máis simplificación administrativa:** bonificacións de ata o 95 % no IBI, IAE e ICIO para aqueles proxectos que impliquen nova implantación ou ampliación de empresas xa existentes.
- **Máis facilidades de acceso a solo industrial:** concesión das licenzas de obra maior nun prazo máximo de 30 días naturais desde que dispoñen de todos os informes.
- **Máis incentivos fiscais:** bonificacións e incorporación do dereito de superficie para favorecer o acceso a solo empresarial no seu municipio.

A cambio, a Xunta de Galicia dará prioridade aos Concellos Emprendedores en ordes de axudas que se convocan en réxime de concorrencia competitiva para impulsar o emprego, o emprendemento, o comercio local ou proxectos relacionados coa Industria 4.0. En concreto, inclúe un criterio específico no que o baremo de puntuación supoña, polo menos, o 20 % do total.

Baixo esta nova modalidade para incentivar o desenvolvemento industrial, que acolle a 121 concellos de Galicia, creáronse 529 empresas, estando o 45% domiciliadas na nosa provincia.

Por todo o exposto anteriormente, o Partido Popular somete para a aprobación do Pleno da corporación municipal os seguintes

ACORDOS:

1. Que o goberno municipal leve a cabo as accións necesarias para a adhesión ao selo “Concellos Emprendedores”.
2. Que a Alcaldesa ou Concelleira/o no/a que delegue leven a bo término estos acordos.

BERGONDO, a 22 de XANEIRO de 2020

Grupo Municipal Partido Popular.”

...\\...

O Sr. voceiro do PP comenta que todos os concellos de arredor están sumándose a esta iniciativa dos concellos emprendedores e trátase dunha boa oportunidade para seguir deseñando e complementando o tecido industrial, empresarial e de emprendemento no concello. Este acordo contou co respaldo da Fegamp.

A Sra. alcaldesa indica que esto non afecta ás empresas xa implantadas. Bergondo xa é un concello emprendedor sen necesidade de contar co selo, xa que o as boas comunicacións, condicións de accesibilidade e servizos, e unhas medidas fiscais vantaxosas son o que favorece a implantación de empresas neste concello. O feito de adherirse ao selo de concellos emprendedores suporía unha “intromisión na autonomía municipal”, ao viren impostos as taxas e impostos a aplicar. E a cambio só suporía un incremento de puntos para optar ás subvencións.

O Sr. voceiro do grupo mixto manifesta que a adhesión ao referido selo obriga ó concello a cumprir unha serie de requisitos e bonificacións, pero non garantiza nin asegura a obtención de subvencións, tan só implica unha maior puntuación.

O Sr. voceiro de AV indica que non considera necesario que Bergondo se adhira a este selo con estes condicionantes que conleva.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total nove (9) votos en contra e tres (3) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

9. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR EN APOIO AO SECTOR MAR-INDUSTRIA ALIMENTARIO DA COMARCA FRONTE AO PROXECTO DE REFORMA DA LEXISLACIÓN DE COSTAS

Dáse conta da moción ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“MOCION QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO EN APOYO AL SECTOR MAR-INDUSTRIA ALIMENTARIO DE LA COMARCA FRENTE AL PROYECTO DE REFORMA DE LA LEGISLACION DE COSTAS

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de Bergondo, conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, desea elevar al Pleno Municipal la siguiente Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Los proyectos de reforma de la Ley de Costas y de su Reglamento causan enorme preocupación para el conjunto de las actividades económicas que para ejercer en condiciones de aceptables de rentabilidad se ubican en la franja costera, fundamentalmente porque necesitan un emplazamiento y una disposición fundamental relativo a captación de agua del mar. Esto se lleva a cabo a través de mecanismos de impulsión y salida dispuestos en la zona que va desde sus instalaciones hasta los puntos de captación y salida bajo el agua, soterrados, aprobados y adaptados a todas las normativas vigentes en la actualidad.

*El proyecto de reforma del Reglamento de Costas que esta elaborando el Ministerio para la Transición ecológica, y que por su gran calado va a obligar a reformar igualmente la Ley de Costas, preocupa enormemente a los sectores productivos afectados dado que se han pretende introducir una serie de preceptos nuevos que amparan algunas **interpretaciones muy restrictivas** que se estaban haciendo de la ley de Costas, y se diseminan por todo su articulado preceptos nuevos muy genericos y abstractos que recrudecen las exigencias medioambientales en claro detrimento de las posibilidades de ejercicio legítimo y sostenible de las actividades ligadas tradicionalmente al mar de Galicia, que son las que conforman el tejido productivo costero de nuestra Comunidad Autónoma en general, y de nuestra comarca en particular.*

*Como ejemplo, el borrador de nuevo Reglamento **recorta drásticamente la figura de la prórroga extraordinaria** de las concesiones de ocupación de dominio público marítimo terrestre, desvirtuando la letra y el espíritu con el que se creo esta figura en la reforma de la Ley de Costas de 2013, y que venía*

precisamente a apoyar a las actividades productivas costeras que iban a llegar a su termino, y ser desmanteladas por tanto, en el ano 2018 (30 anos despues de la Ley de Costas originaria, de 1988).

La clave del debate estriba en que dicha ley creo una figura novedosa, que dejo sin efecto la limitacion del plazo maximo de duracion que se establecia en la Ley de Costas de 1988, precisamente creando una prorroga extraordinaria, a contar desde la fecha en la que esta se solicitara, tal como la ley y el reglamento establecian y siguen estableciendo. Lo que se pretende con la reforma del Reglamento es modificar el dia de computo inicial, atrasandolo 30 anos atras , hasta el dia uno de la concesion en vigor.

En el mismo sentido, se refuerzan los requisitos necesarios para renovar las concesiones y para obtener prorrogas de las actualmente existentes, pasando de los 4 criterios orientativos hasta hoy vigentes a los 18 que se pretende introducir.

Y lo mas preocupante es que la mayoría de esos nuevos requisitos quedan en **una total indefinición, de manera que se deja la puerta abierta para la arbitrariedad más absoluta a la hora de decidir desde un despacho ministerial a cuáles de nuestras empresas y sectores se les permite continuar y a cuáles se las expulsa.**

Ejemplo de esa abstraccion, y por tanto, de la inseguridad juridica que provocan, son requisitos nuevos como “el impacto paisajistico”, “la proteccion ecologica de la interaccion tierra-mar”, “...el incremento altura de ola o cambios de direccion oleaje” (sic: art. 135. 4), u “otros criterios como aplicacion de lo previsto en cualquier otra norma espanola y europea, asi como convenios internacionales que contengan regulacion relativa a la costa y al mar...” (citas textuales del borrador de nuevo Reglamento).

Sobre una base tan endeble y maximalista se pretende revisar todas las ubicaciones actuales en la costa que segun los informes del Ministerio puedan no coincidir con esos nuevos criterios del borrador, algo que puede llevar a consecuencias devastadoras para los sectores productivos Gallegos vinculados a la costa y a toda la economia social y pesquera, al verse potencialmente afectados no solo las industrias productivas del pais sino incluso una enorme cantidad de explotacion asociadas a Miticultura, Acuicultura de Bivalvos y Marisqueo amen de edificaciones, viviendas entre ellas.

Por otro lado, que la experiencia de estos sectores evidencia que **no son actividades en absoluto insostenibles desde el punto de vista medioambiental** (como lo prueba el que estan fuertemente controladas por diversos organismos publicos), y de hecho en ningun momento del borrador se afirma que la causa de la modificacion sea una problematica de tipo ambiental, sino, unicamente, una decision conceptual → la apuesta de las autoridades de Costas por un litoral libre de actividad productiva, lo que supone a su vez optar por un uso preferentemente

MOCION:

Por estas razones, y haciendo un llamamiento a todos los representantes publicos de esta Corporacion y a su sentido del deber y de la responsabilidad, el Grupo Municipal Popular insta al Pleno del Ayuntamiento, a adoptar los siguientes acuerdos:

- Instar al Gobierno del Estado y especialmente al MITECO (Ministerio de Transicion Ecologica):

1.- Reconozca la realidad de la Comunidad Autonoma Gallega y de BERGONDO en relacion a la realidad historica y socioeconomica del sector Mar Industria, Acuicultura y Marisqueo que a lo largo del ultimo siglo sirve como base fundamental para el desarrollo social y economico de esta comunidad, y que pone en entredicho un reglamento absurdo que demuestra el claro desconocimiento de la realidad social de nuestra comarca.

2-Con caracter previo a la aprobacion de modificacion alguna, entablar una mesa de analisis y negociacion con los sectores vinculados al mar para acodar un acuerdo que permita que o proyecto do Reglamento General de costas y la Ley de Costas tenga en cuenta las reivindicaciones socioeconomicas del sector del Mar de Galicia.

2o.- *Negociar y aceptar un acuerdo para que se tenga en cuenta en dicho proyecto y en su Ley, en lo concerniente al plazo de sus concesiones, para las actividades económicas del complejo mar industria de la comarca que para su indispensable funcionamiento deban estar en el litoral, se comience a contar el plazo de concesión a partir de la solicitud de prórroga extraordinaria e no desde la fecha de de concesión original.*

3o.- *Dar traslado del presente acuerdo al Gobierno de Estado.*

En Bergondo, a 22 de ENERO de 2020.

*Francisco Manuel Fafian Torreiro PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL POPULAR de Bergondo
SRA ALCALDESA-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO”*

- Durante o debate deste punto da orde do día e antes da súa votación auséntase puntualmente da sesión o sr. concelleiro do grupo municipal do PP, Miguel Angel Iglesias Mesías-

O Sr. voceiro do PP comenta que na zona de costa hai varias alertas de actividades de acuicultura porque concesións que terían que pedir outra prórroga están “no aire”. Na prensa publicouse que diferentes sectores marisqueiros e de acuicultura amósanse sorprendidos de estar involucrados nunha guerra entra unha administración e unha empresa industrial. Incide no punto 2 da moción, en que sería necesario negociar e aceptar un acordo entre todas as partes.

A Sr. alcaldesa indica que a normativa vixente é a que se aprobou no ano 2013 e non se está tramitando ningún novo regulamento. Debe haber unha convivencia da preservación do litoral coa industria e cos empregos, sempre que sexan respetuosos co mesmo.

O Sr. voceiro do grupo mixto defende que se debe ter en conta os sectores afectados para a elaboración desta ou de calquera lei. O goberno do Estado anunciou que o borrador da lei está efectivamente paralizado. Fai referencia a lexislación centralista que sufrimos; e si se tivesen todas as competencias en relación coa costa, o mar e o dominio público marítimo-terrestre teríase en conta a realidade social, económica e ambiental.

O Sr. voceiro de AV reitera a inexistencia dun problema, o borrador da normativa está paralizado a día de hoxe e o regulamento en vigor provén do ano 2013.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: dous (2) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total nove (9) votos en contra e dous (2) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

- Antes e o debate do seguinte punto da orde do día reincorpórase á sesión o sr. concelleiro do grupo municipal do PP, Miguel Angel Iglesias Mesías-

10. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE SOLICITUDE AO CONGRESO DOS DIPUTADOS DE INTERPELACIÓN AO PRESIDENTE DO GOBERNO SOBRE OS PACTOS DE GOBERNO

Dáse conta da moción ditaminada desfavorablemente por maioría de votos en contra, pola Comisión

informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN QUE PRESENTA EL GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA SOLICITAR AL CONGRESO DE LOS DIPUTADOS QUE SE INTERPELE AL PRESIDENTE DEL GOBIERNO SOBRE LOS ACUERDOS ALCANZADOS CON INDEPENDENTISTAS Y POPULISTAS Y SE RECHACE LA ACTUACIÓN DE UN PRESIDENTE QUE HA PACTADO CON AQUELLOS QUE QUIEREN ACABAR CON EL CONSENSO CONSTITUCIONAL Y LA IGUALDAD DE TODOS LOS ESPAÑOLES

El Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de BERGONDO conforme a lo previsto en el Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales desea elevar al Pleno Municipal/Regional la siguiente Propuesta de Acuerdo/Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Todo cargo público (concejal, alcalde, diputado autonómico o nacional, senador, ministro o Presidente de España) cuando toma posesión del mismo **debe prometer o jurar** “por su conciencia y honor **cumplir fielmente las obligaciones de dicho cargo con lealtad al Rey, y guardar y hacer guardar la Constitución como norma fundamental del Estado.**” (Real Decreto 707/1979, de 5 de abril, por el que se establece la fórmula de juramento en cargos y funciones públicas).

A pesar de esta obligación legal y moral, el candidato a la Presidencia del Gobierno, Sr. Pedro Sánchez (diputado y actual Presidente del Gobierno que ha prometido “cumplir y hacer cumplir la Constitución”), en su discurso del pasado 4 de **enero realizó una serie de afirmaciones abiertamente contrarias a algunos de los principios recogidos en nuestra Carta Magna**, principios que constituyen el fundamento de España como nación y como Estado de Derecho.

Entre otras afirmaciones, el Sr. Sánchez, afirmó en referencia a Cataluña que hay que “devolver a la política un conflicto político” y “retomar la única vía posible: la política, retomar la senda de la política, dejando atrás la judicialización del conflicto y la deriva judicial que tanto dolor y tanta fractura ha causado en buena parte de la ciudadanía catalana y española”.

También aseguró que “la ley por si sola tampoco basta” y que “existe un conflicto político que tenemos que resolver” y anunció que “va a crear una mesa de diálogo bilateral entre el Gobierno de España y el Gobierno de la Generalitat de Cataluña”.

Además, se refirió a nuestro país como “España federal” y manifestó que somos un país en el que se han desarrollado “identidades nacionales”; definió como “zancadillas” las decisiones de la Junta Electoral Central [unas decisiones amparadas por la Ley Orgánica de Régimen Electoral General (LOREG) y que se derivan de una sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Cataluña]. De esta forma se situó del lado de un condenado por desobedecer las leyes y no del lado de la ley y la convivencia.

Además, **el Sr. Sánchez y el PSOE, en los pactos que han suscrito con otras formaciones políticas para garantizar que apoyarán, de manera activa o pasiva, su investidura se han comprometido a:**

▫ **Impulsar, a través del diálogo entre partidos e instituciones, las reformas necesarias para adecuar la estructura del Estado al reconocimiento de las identidades territoriales, acordando, en su caso, las modificaciones legales necesarias, a fin de encontrar una solución tanto al contencioso en Cataluña como en la negociación y acuerdo del nuevo Estatuto de la CAV, atendiendo a los sentimientos nacionales de pertenencia.** (Punto 4 del "Acuerdo entre PSOE y EAJ-PNV")

▫ **Las medidas en que se materialicen los acuerdos serán sometidas en su caso a validación democrática a través de consulta a la ciudadanía de Catalunya, de acuerdo con los mecanismos previstos o que puedan preverse en el marco del sistema jurídico-político.** (Punto 2, apartado 4 del "Acuerdo para la creación de una mesa entre el Gobierno de España y el Govern de la Generalitat de Catalunya para la resolución del conflicto político" firmado entre PSOE-PSC y ERC)

Como se puede observar de todo lo expuesto, **las afirmaciones realizadas por el Sr. Sánchez y diversos**

apartados de los acuerdos firmados por el PSOE reflejan ciertos compromisos que, en el mejor de los casos, entran en flagrante contradicción con lo establecido en nuestra Carga Magna y en otras importantes disposiciones de nuestro ordenamiento jurídico. En el peor de los casos, dichos compromisos podrían suponer una vulneración de dichas disposiciones legales.

A modo de ejemplo, las afirmaciones realizadas por el Sr. Sánchez y los acuerdos suscritos por el PSOE entran en contradicción con los siguientes artículos de la Constitución Española:

- la indisoluble unidad de la nación española (artículo 2)
- los ciudadanos y los poderes públicos están sujetos a la Constitución y al resto del ordenamiento jurídico (artículo 9.1)
- los españoles tienen el derecho y el deber de defender a España (artículo 30.1)
- el gobierno ejerce la función ejecutiva y la potestad reglamentaria de acuerdo con la Constitución y las leyes (artículo 97)
- el Estado se organiza territorialmente en municipios, en provincias y en las CCAA que se constituyan (artículo 137)
- en ningún caso se admitirá la Federación de CCAA (artículo 145)

El Sr. Sánchez y el PSOE no pueden, en esta ocasión, escudarse en que las afirmaciones realizadas o los acuerdos suscritos son simples "recursos dialécticos" para contentar a aquellos de cuyos votos depende que el Sr. Sanchez siga siendo el inquilino de la Moncloa.

Y no pueden utilizar esta burda excusa porque las intervenciones de los portavoces de ERC, EH-Bildu y el PNV en el Debate de Investidura han dejado claro lo siguiente:

Gabriel Rufián (ERC): *exigió a que en la mesa bilateral "se hable de todo" y eso abarcaría la "amnistía" de los presos del procés y la "autodeterminación".*

Mertxe Aizpurúa (EH-Bildu): *afirmó que la Transición española fue "un fraude" que sustentó un "pacto de impunidad" y puso en duda- a lo largo de todo su discurso- la democracia, el Estado de Derecho y la Constitución que emanaron de ese histórico proceso.*

Acusó a al Rey Felipe VI de autoritarismo, concretamente de "apelar a la conformación de un bloque político y mediático capaz de profundizar en la contrarreforma autoritaria", por defender la unidad de España en octubre de 2017.

Aitor Esteban (PNV): *expuso la necesidad acometer "un diálogo que desemboque de manera pactada en un acuerdo que modifique en su caso el ordenamiento jurídico y sea ratificado por la ciudadanía".*

Montse Bassa (ERC): *Dirigiéndose al Sr. Pedro Sánchez le preguntó: "¿Cree que me importa la gobernabilidad de España? Me importa un comino".*

Y ante todas estas intervenciones el PSOE y Pedro Sánchez guardaron silencio y no defendieron de manera inequívoca a su Majestad el Rey, nuestro Estado Derecho, nuestra Constitución ni nuestra democracia.

Ante la gravedad de estos acuerdos y de las afirmaciones realizadas por Pedro Sánchez, el Grupo Municipal Popular en el Ayuntamiento de BERGONDO, presenta la siguiente:

PROPUESTA DE ACUERDO

I. Instar al Presidente del Gobierno a romper su acuerdos con ERC y Bildu.

II. Instar a todos los grupos parlamentarios del Congreso de los Diputados a que sus diputados, como legítimos representantes de todos los españoles, soliciten la comparecencia del Sr. Sánchez para ser

interpelado sobre los siguientes aspectos:

1. si su afirmación de “dejar atrás la judicialización del conflicto” implica:

- a) revertir políticamente las condenas que la justicia ha impuesto a los condenados por delito de sedición, entre otros, cuando en octubre de 2017 vulneraron la ley con el objetivo deromper nuestra nación.
- b) no actuar con toda la fuerza de la ley y la Justicia españolas contra aquellos dirigentes políticos que, como Torra, ya han afirmado que desobedecerán las resoluciones judiciales y seguirán intentando lograr la independencia de Cataluña por cualquier vía.

2. si su afirmación de “que la ley no basta” supone abandonar la obligación de todo ciudadano, una obligación legal y moral que se amplifica en el caso de un cargo público, de denunciar delitos y comportamientos contrarios de la ley.

3. como podrá cumplir lo establecido en los artículos 1.2 y 92.1 de nuestra Constitución (“la soberanía reside en el pueblo español” y “las decisiones políticas de especial trascendencia podrán ser sometidas a referéndum consultivo de todos los ciudadanos”) cuando en su acuerdo con el PNV una parte de España ha decidido sobre las competencias (en este caso de tráfico) de otra autonomía (en este caso Navarra) y ha acordado con ERC “una consulta a la ciudadanía de Catalunya- no a todos los españoles- para validar las medidas en que se materialicen los acuerdos a los que llegue la mesa bilateral entre el gobierno de España y el govern de a Catalunya”.

4. si cuando anunció un “nuevo tiempo para España” se debe a que su gobierno pretende cambiar nuestra Constitución (y con ella nuestro sistema político y los principios básicos de nuestra democracia)de manera subrepticia, sin seguir los cauces previstos en los artículos 166 y siguientes de nuestra Carta Magna y sin que puedan opinar todos los españoles.

5. si su afirmación de que “se aplicará un cordón sanitario a las ideas” y su intención de poner en marcha una estrategia nacional de lucha contra la desinformación significará un control por parte del gobierno de los medios de comunicación (puesto que el Sr. Iglesias considera que “la existencia de medios de comunicación privados ataca la libertad de expresión”) y la exclusión del debate de aquellos que discrepen del gobierno.

6. si su intención de derogar la LOMCE lleva implícita la eliminación de la enseñanza concertada en nuestro país (tal y como el Sr. Iglesias ha propuesto en diversas ocasiones) y la supresión de la libertad de los padres, reconocida en la Constitución y avalada por diferentes sentencias del TC, de elegir aquel modelo educativo que mejor se adapte a sus creencias y forma de vida.

III. Instar a todos los grupos parlamentarios del Congreso de los Diputados a que sus diputados, como legítimos representantes de todos los españoles, presenten una moción para rechazar la actuación del Presidente del Gobierno. Un presidente del Gobierno que ha pactado con aquellos partidos que buscan romper la unidad española y acabar con la democracia y el Estado de Derecho vigentes en nuestro país.

IV. Trasladar este acuerdo a todos los grupos parlamentarios del Congreso de los Diputados y a la Comisión de Peticiones del Congreso en virtud del artículo 77 de la CE.

En Bergondo, a 22 de Enero de 2020.

**EL PORTAVOZ DEL GRUPO MUNICIPAL/PROVINCIAL POPULAR
SR. ALCALDE-PRESIDENTE DEL AYUNTAMIENTO DE BERGONDO”**

O **Sr. voceiro do PP**, tras dar lectura á moción achegada, engade que se debería aclarar a situación política de España, o que van a facer; incide na falta de transparencia e de consideración das leis que nos rexen. O goberno non respetou a Constitución, e recoñece a necesaria modificación da Carta Magna.

A Sra. alcaldesa manifesta non estar de acordo con esta moción que defende un estado completamente único e independente da pluralidade, e que ataca a un goberno que acaba de conformarse. Por outra banda, a Constitución Española pode e debería modificarse para adaptala aos tempos que van cambiando.

O Sr. voceiro do grupo mixto indica que esta moción trata de “demonizar” o nacionalismo. O problema político de Cataluña debe resolverse a través do diálogo e non con máis represión. E hai que deixar traballar a un goberno que leva constituído escasamente un mes.

O Sr. voceiro de AV considera que este tema non se debería debatir ni someter a votación nun pleno municipal e amósase satisfeito de que rematase a situación prolongada no tempo dun goberno en funcións.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo mixto: un (1) voto en contra. Total nove (9) votos en contra e tres (3) votos a favor.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

11. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE CON GALICIA.

Dáse conta da moción ditaminada favorablemente por maioría de votos a favor, pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno, en xuntanza do 23 de xaneiro de 2020, que transcrita literalmente di:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO A ABOAR A DÉBEDA PENDENTE A GALICIA

O Grupo Municipal Popular no concello de BERGONDO con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe o Goberno central segue a reter a liquidación dunha mensualidade do IVE de 2017 (200 millóns) e négase a pagar os incentivos que lle corresponden a Galicia polo bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018 (170 millóns de euros).

En declaracións realizadas o día 21 de xaneiro deste ano 2020 trala reunión do Consello de Ministros, a ministra de Hacienda e portavoz do goberno alegou que era unha cuestión que “tocaba en el año 2019” e que “ya se perdió esa oportunidade de poder resarcir”, culpando aos partidos políticos que non aprobaron o proxecto de Presupuestos Generales del Estado.

Este explicación non só carece de fundamento xurídico algún, senón que supón romper o compromiso que a propia ministra asumiu persoalmente en agosto de 2018 e que levou á Xunta de Galicia a prever eses ingresos nos seus Orzamentos.

O Goberno central debe adoptar unha solución urxente para transferir estes recursos, que lle corresponden aos galegos. No caso do IVE son cartos de todos os galegos, que o Goberno xa recadou, que o Goberno ten no seu poder e que se nega a transferirnos.

Existe un problema global, o do IVE, que é común para todas as Comunidades Autónomas, deputacións provinciais e entidades locais, e que demanda unha solución común. As comunidades están en emerxencia financeira e estes recursos destinaranase á prestación de servizos públicos esenciais. É evidente que se non chegan estes recursos as comunidades terán que endebedarse e retrasar pagamentos.

E existe outro problema específico para Galicia, que se fixo acreedora de cobrar os incentivos fiscais polo seu cumprimento de todas as regras fiscais tanto no ano 2017 como no ano 2018, que ten que ter unha solución específica para a nosa comunidade.

O impacto económico desta decisión do Goberno central afecta directamente ao sistema de financiamento autonómico, pero tamén pode supor unha perda de recursos para os veciños do noso concello, polo que esta Corporación non pode permanecer allea a esta reivindicación.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de BERGONDO presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. “Declarar o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España para que ingrese as contías do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) non liquidadas correspondentes ao exercicio 2017 como consecuencia da implantación do sistema de Información Inmediata.*
- 2. Declara o apoio deste concello á reivindicación da Xunta de Galicia ante o Goberno de España dunha convocatoria urxente do Consello de Política Fiscal e Financeira, cunha orde do día que inclúa un punto específico para abordar a aprobación a Galicia dos incentivos polo seu bo desempeño fiscal nos anos 2017 e 2018.*
- 3. Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia e aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos deputados e do Parlamento de Galicia*

En BERGONDO , 22 de xaneiro de 2020”

O Sr. voceiro do PP, tras dar lectura á moción, indica que este non é un problema que afecta só a Galicia, senón a todas as comunidades autónomas, e que é conveniente reclamar o que é noso. Xustifica a non aprobación dos orzamentos.

A Sra. Alcaldesa indica que nesta moción falla a exposición de motivos. Trátase dun problema que afecta a tódalas comunidades autónomas e na lei de orzamentos de 2019 ofrecíase unha alternativa, pero esta lei non foi aprobada. O que se debe facer agora é unha reforma urxente do financiamento autonómico e tamén demandar a aprobación dos orzamentos 2020 o antes posible. Polo tanto sí está de acordo con reclamar a débeda pendente pero non con esta moción.

O Sr. voceiro do grupo mixto entende que isto é derivado dunha falta de soberanía política e financeira e xustifica o seu absentismo na votación desta moción.

O Sr. voceiro de AV engade que é lexítimo e responsable reclamar esta devolución pero o marco legal actual non o permite.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos en contra; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos en contra; grupo mixto: unha (1) abstención. Total nove (8) votos en contra, tres (3) votos a favor e unha (1) abstención.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declarase **rexeitada, por maioría de votos en contra**, a moción antes transcrita.

12. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

A continuación pola Sra. Alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á Corporación dos Decretos e Resolucións ditadas desde o 25 de novembro de 2019 ao 30 de decembro de 2019, ámbolos dous incluídos, numerados do 1383/2019 do 25 de novembro ao 1546/2019 do 30 de decembro de 2019; e do 1/2020 do 3 de xaneiro de 2020 ao 88/2020 do 24 de xaneiro de 2020.

O Pleno queda enterado.

13. MOCIÓNS URXENTES

A Sra. Alcaldesa, no cumprimento do disposto no artigo 46.2. e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na Orde do día que acompañaba á convocatoria e que non teña cabida o punto de Rogos e Preguntas.

Por parte da propia alcaldía preséntase un asunto urxente no que se recolle a aprobación dunha solicitude de subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral durante o ano 2020, conxuntamente co concello de Abegondo. Xustifícase a urxencia no sentido de que é un asunto competencia plenaria dado que acudimos en agrupación co Concello de Abegondo, e os prazos de presentación da solicitude diante da Xunta é dun mes coma sempre.

De conformidade co disposto nos artigos 51 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL), e 91.4 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, debe someterse ao voto do pleno a declaración de urxencia e a procedencia do seu debate; e por unanimidade de votos a favor: seis (6) do grupo municipal do PsdG-PSOE; tres (3) do grupo municipal do PP; dous (2) do grupo municipal de AV; e un (1) do grupo mixto – o Pleno aprecia a xustificación da urxencia e a procedencia do debate da moción.

13.1. APROBACIÓN DA SOLICITUDE DUNHA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL TÉCNICO PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ORIENTACIÓN LABORAL DURANTE O ANO 2020, CONXUNTAMENTE CO CONCELLO DE ABEGONDO. ACORDOS QUE PROCEDAN. EXPEDIENTE. 2020/A008/000008

Dase conta da moción da Alcaldía que transcrita literalmente di:

“A Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (D.O.G nº 14, do mércores, 22 de xaneiro de 2020), prevee no seu artigo 2.1 apartado a) como posibles entidades beneficiarias os concellos que por sí solos ou asociados, teñan unha media de paro rexistrado no ano 2019 superior a 350 persoas.

O Concello de Abegondo prestou, hai anos, este servizo aos demandantes de emprego, no ámbito das súas competencias e como entidade colaboradora da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

Pola súa banda, o Concello de Bergondo, debido ás consecuencias da pasada crise económica, considerou necesario reforzar os servizos de información e orientación na busca de emprego no seu territorio.

Por estes motivos nos anos 2012-2019 ámbolos concellos solicitaron e obtiveron conxuntamente subvencións para a financiación de actividades de información, orientación e prospección de emprego.

*En virtude das atribucións conferidas segundo o establecido na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases del Réxime Local, **PROPOÑO** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:*

25 (31)

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 42.b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público)

PRIMEIRO.- Solicitar unha subvención, en agrupación con Abegondo, para a realización de accións de orientación laboral para o emprego e asistencia para o autoemprego, articuladas en itinerarios personalizados para o emprego e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación de persoal técnico de orientación laboral, no ámbito da colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

SEGUNDO.- Os concellos de Abegondo e Bergondo por medio da presente agruparanse coma municipios só para solicitar a subvención ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (D.O.G nº 14, do mércores, 22 de xaneiro de 2020). En virtude disto asinarase un convenio para o efecto, cuxo texto se recolle como anexo ao presente acordo.

TERCEIRO.- Determínase que o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e polo tanto, o concello petionario da subvención convocada, designando unha persoa de contacto ou interlocutor para a tramitación do expediente de solicitude.

CUARTO.- O concello petionario será quen reciba o importe da achega económica e o que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda.

QUINTO.- Aceptar as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen.

SEXTO.- Aprobar a memoria explicativa elaborada correspondente ao programa de orientación laboral (documento Anexo II Memoria orientación solicitude 2020).

SÉTIMO: Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

ANEXO

“Na Casa do Concello de Abegondo (A Coruña), a --- de febreiro de 2020, **REUNIDOS:**

- Dunha parte, José Antonio Santiso Miramontes.
- Da outra, Alejandra Pérez Máquez.

INTERVEÑEN

O primeiro, como alcalde, en nome e representación do Concello de Abegondo. A segunda, como alcaldesa do Concello de Bergondo, en nome e representación da devandita entidade local. Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e para tal efecto.

EXPOÑEN

I

Que os municipios de Abegondo e de Bergondo, da provincia da Coruña, como entidades locais territoriais próximas, están interesadas en desenvolver as actuacións de cooperación e asistencia activa que sexan precisas para a prestación de cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas respectivas comunidades veciñais.

II

Que entre o servizos públicos que, conforme a normativa vixente en materia de réxime local, os municipios poden prestar, destaca o de orientación laboral (accións ou actividades de información, orientación e prospección de emprego) cuxo establecemento e prestación con carácter xeneralizado e satisfactorio constitúe unha aspiración de ambos os dous concellos.

III

Que é vontade dos concellos de Abegondo e de Bergondo establecer fórmulas de colaboración mutua que permitan prestar

conxuntamente o servizo de orientación laboral conforme as Bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego, establecidas pola da Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de orientación laboral no exercicio 2020 (D.O.G nº 14, do mércores, 22 de xaneiro de 2020), que prevé no seu artigo 2.1.a) que os Concellos, por sí sós ou asociados deben ter unha media de paro rexistrado no ano 2019 superior a 350 persoas.

IV

Que entre as ditas fórmulas de colaboración previstas pola normativa vixente destaca, pola súa sinxeleza e eficacia, a da sinatura dun convenio mediante o que se agrupan os dous concellos para que os dous poidan desenvolver **conxuntamente** o servizo de orientación laboral, solucionando así a problemática derivada da imposibilidade legal de exercer as competencias fóra do termo municipal.

V

Que a normativa vixente en materia de réxime local, e concretamente a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, nos seus artigos 55 e seguintes, e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, nos artigos 198 e 199, prevén a posibilidade destes convenios interadministrativos de colaboración entre entidades locais, para a máis eficaz xestión e prestación de servizos da súa competencia.

VI

Que en virtude de resolución de data----- (Abegondo) e acordo plenario de data 30/01/2020 (Bergondo), das que se achegan as correspondentes certificacións como Anexos núm. I e II, os Concellos de Abegondo e Bergondo acordaron a sinatura deste convenio.

Sendo, por tanto, vontade de ambos os dous concellos a formalización do presente convenio neste documento administrativo, fano de acordo coas seguintes **ESTIPULACIÓNS:**

Primeira.- Os concellos de Abegondo e Bergondo por medio do presente agrúpanse como municipios só para solicitar ao abeiro da citada Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia a subvención para a **realización conxunta** accións de orientación laboral para o emprego e asistencia para o autoemprego, articuladas en itinerarios personalizados para o emprego e dirixidas a mellorar as posibilidades de ocupación das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, a través da contratación de persoal técnico de orientación laboral, no ámbito da colaboración da Consellería de Economía, Emprego e Industria coas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, como instrumento para promover a configuración dunha rede especializada na mellora da empregabilidade e ocupabilidade das persoas demandantes de emprego inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Segunda.- Se ben ambos os dous Concellos serán equitativamente beneficiarios da subvención conforme ao previsto no artigo 2.1 a) da Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria (DOG núm. 14, do mércores, 22 de xaneiro de 2020), determínase que o Concello de Abegondo, por medio do seu Alcalde-Presidente, sexa o representante legal ante a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia e polo tanto o concello peticionario da subvención convocada, polo tanto se identificará como solicitante, designado unha persoa de contacto ou interlocutor para a tramitación do expediente de solicitude.

Unha vez concedida a subvención, será o Concello de Abegondo quen realice a contratación do/a técnico/a que resulte seleccionado para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego (orientador/a laboral), conforme ao previsto no artigo 12 da devandita Orde do 17 de decembro de 2019. Para o caso de ser necesario elaborar unhas novas bases de selección, estas poderán ser aprobadas por cada un dos dous concellos ou ambos conxuntamente e o proceso selectivo será único debendo participar os dous concellos na preselección do candidato/a, cuxo currículo deberá ser validado pola Consellería de Economía, Emprego e Industria antes de proceder á contratación do/a técnico/a.

Será tamén o Concello de Abegondo como entidade peticionaria quen reciba o importe da achega económica e o que deberá presentar a documentación para o pagamento e xustificación da dita axuda. Asemade, asumirá as obrigacións que se deriven da realización do correspondente contrato laboral temporal vinculado á subvención que se conceda e respecto a Facenda e a Seguridade Social e en xeral todas as obrigas contables, económicas ou administrativas derivadas da contratación de persoal.

Terceira.- Tanto o Concello de Abegondo como o Concello de Bergondo, como entidades conxuntamente beneficiarias e como entidades colaboradoras da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral, prestarán conxuntamente o servizo de orientación laboral e levarán a cabo as accións subvencionables cos seus medios propios e nas instalacións propias que habiliten para tal fin, comprometéndose a dispoñer dos requisitos establecidos no artigo 2.2 da Orde do 17 de decembro de 2019 (local con despacho, conta de correo, conexión coa Rede Corporativa da Xunta de Galicia, ordenador persoal con protocolo TCP/IP ...).

Cuarta.- Os dous concellos terán a condición de entidade colaboradora e prestadora dos servizos de xeito equitativo. Deste modo, distribuirán a partes iguais o tempo de permanencia nas dúas sedes sinaladas para atención dos/as usuarios/as derivados/as. Igualmente pónense a disposición da Dirección Xeral para a atención dos/as demandantes inscritos/as e direccionados/as, en calquera dos dous lugares, atendendo á maior proximidade ou maior comodidade para o/a usuario/a.

Quinta.- Tanto o Concello de Abegondo como o Concello de Bergondo levarán a cabo conxuntamente, como accións subvencionables ao abeiro da Orde do 17 de decembro de 2019, todas aquelas actuacións do servizo de orientación laboral previstas no devandito artigo 3.

Sen prexuízo da prestación conxunta do servizo de orientación laboral, ambos os dous Concellos poderán igualmente atender a aqueles usuarios que espontaneamente se dirixen as súas dependencias e proceder á realización das accións e medidas descritas.

Sexta.- Serán causas de extinción deste convenio:

- a) A denuncia por calquera das dúas partes, ben por cumprimento do prazo previsto de vixencia ou da correspondente

- prórroga ou por calquera outra causa xustificada.*
- b) O mutuo acordo das partes.
 - c) O incumprimento das cláusulas deste convenio.

Sétima- Os concellos de Abegondo e Bergondo comprométense a facilitarse mutuamente toda a información necesaria que estea relacionada co obxecto da colaboración.

Oitava- O vixente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e permanecerá vixente mentres se executen as accións subvencionables de orientación descritas no artigo 3 da citada Orde do 17 de decembro de 2019 da Consellería de Economía, Emprego e Industria para o período 2018-2019. Será prorrogable automaticamente no caso de que a Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, a través da Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral continúe coa subvención das devanditas accións por medio da cooperación ou agrupacións de concellos para o mantemento do servizo nas seguintes anualidades, agás medie denuncia previa e por escrito de calquera dos dous concellos cunha antelación mínima de quince días naturais ao remate do correspondente termo.

Novena- Este convenio ten natureza administrativa e se rexerá pola Lei 39/2015, do 31 de outubro de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, pola Lei 40/2015, de 31 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polas normas reguladoras da Administración local; no seu defecto, pola lexislación de contratos das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, en último caso, polas normas de dereito privado, sendo competente para entender dos litixios que puideran xurdir a xurisdición contencioso administrativa.

En proba de conformidade e para que conste e produza os efectos oportunos, asíñase o presente documento en dous exemplares e para un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

Polo Concello de Abegondo, o alcalde
José Antonio Santiso Miramontes

Polo Concello de Bergondo, a alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez

O Pleno da Corporación decidirá o que estime máis conveniente.

*Bergondo, 30 de xaneiro de 2020
A Alcaldesa. Alejandra Pérez Máquez”*

A Sra. secretaria, tras dar lectura da proposta urxente, informa aos/ás asistentes que tanto ela coma a interventora municipal consideran que o feito de agruparse con outros concellos supón unha competencia plenaria que require dunha maioría cualificada (maioría absoluta). E a pesares de non terse emitido informe por cuestións de tempo, sí o emiten de viva voz neste momento e conxuntamente. O prazo para solicitar esta subvención será dun mes, rematando o 22 de febreiro e como nese mes non hai sesión plenaria, este é o motivo de presentar esta moción urxente na presente sesión plenaria. Desde o punto de vista procedimental non teñen nada que sinalar posto que cumpre co que se esixe na normativa.

A Sra. alcaldesa explica que se trata de solicitar de novo unha subvención para a contratación dun orientador laboral, conxuntamente co concello de Abegondo, para continuar cun servizo que xa se viña prestando nos anos anteriores. Os seus labores veñen moi regradas por parte da Xunta de Galicia e polo INEM, e mesmo con citas programadas polo servizo de emprego.

O Sr. voceiro do PP precisa aclaración acerca do número de persoas desempregadas necesario para optar á subvención.

O Sr. voceiro do grupo mixto pregunta qué porcentaxe do custo do servizo cubre a subvención; e engade que nalgúns casos se derivaron a veciños de Bergondo a recibir este servizo a outro concello, como por exemplo a Irixoa.

A Sra. alcaldesa aclara que se teñen en conta o número de persoas desempregadas da agrupación de concellos, non só os de Bergondo. A subvención cubre toda ou a práctica totalidade do custo do servizo. E con respecto á incidencia de derivar persoas a outros concellos para recibir o servizo de orientación, esto será trasladado ó técnico municipal e ó propio orientador ou orientadora.

O Sr. voceiro de AV manifesta que non ten nada que obxectar á proposta.

Trala correspondente deliberación, e rematadas as intervencións, sométese a moción urxente a votación, que tivo o seguinte resultado: grupo municipal do PSdG-PSOE: seis (6) votos a favor; grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos a favor; grupo municipal de Alternativa dos Veciños: dous (2) votos a favor; grupo mixto: un (1) voto a favor. Total doce (12) votos a favor, que representan a maioría absoluta do número legal de membros da corporación, consonte co esixido no artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En consecuencia, pola Sra. alcaldesa declárase **aprobada, por unanimidade de votos a favor** a moción urxente que devén en acordo nos termos antes transcritos.

14. ROGOS E PREGUNTAS

A continuación pola Sra. alcaldesa ábrese a quenda de intervencións para a os rogos e preguntas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo mixto a través da Sede Electrónica do Concello, o día 28 de xaneiro, núm. Entrada: 202099900000166; foron as seguintes:

1.- *Nas pasadas festas navideñas vimos en todo o concello un alumeado ornamental distinto ao de anos anteriores, ¿poderían indicarnos se teñen feito algún cambio respecto ao método utilizado e o coste do mesmo?*

2.- *A Xunta e a Fegamp firmaron un acordo para a loita contra a vespa velutina. O prazo para acollerse rematou o pasado 31/12. ¿Tense acollido o Concello de Bergondo a este acordo de colaboración?*

3.- *O Concello de Bergondo ven de instalar unha nova marquesina en Carrio dentro dos orzamentos participativos do pasado ano. Algún residente indica que non foi posta no lugar solicitado, mesmo que o terreo é privado, ¿poderían aclararnos esta cuestión?*

4.- *O camiño que une Guisamo con Orto (Abegondo) paralelo a vía do tren, foi acondicionado polo Concello de Bergondo nun tramo; posteriormente, Abegondo acondicionaba outro, sen embargo, entre estes dous quedou unha parte sen arranxar. ¿Poderían aclararnos este aspecto, se hai discrepancias co concello veciño en canto a titularidade,...?*

(achegan fotografías)

5.- *Os últimos temporais fixeron mella de novo nos taludes da praia do Regueiro. Costas anunciaba en marzo de 2019 un proxecto para poñerlle solución. ¿Ten constancia o Concello dalgunha novidade a este respecto?*

6.- *O pasado sábado un medio de comunicación publicaba a pretensión de resucitar a urbanización A Longueira por parte dos seus promotores, según este medio aspecto confirmado polo Goberno Local, ¿poderían aclararnos esta cuestión?*

ROGO. Baixando dende a AC-164 ao Centro de Promoción da Autonomía Persoal as beirarúas teñen acumulado verdin e esbarase facilmente, sobre todo en zonas de sombra. Rogamos se limpen a maior brevidade, ou de non ser competencia municipal se solicite a administración competente.

ROGO. Temos recibido queixas de veciñanza a que a concesionaria lles substituíu o contador de auga retirando o vello sen aviso o que imposibilita controlar o consumo. Ademáis, o novo foi instalado de xeito que non é posible ler o consumo. Rogamos trasladen a concesionaria esta incidencia para que contacten cos abonados antes de facer os cambios.

ROGO. Na antiga Cámara Agraria de Guísamo realízanse algunhas actividades e asistentes as mesmas indican o mal estado da traseira que utilizan para aparcar. Rogamos se adecente con algún material que o facilite.

(achegan fotografías)

ROGO. Na praia do Pedrido teñen desaparecido as bollas que marcan o cauce, polo cal se guían para, por exemplo, a practica deportiva. Rogamos soliciten a Administración competente a reposición das mesmas.

Os rogos e preguntas presentadas polo grupo do Partido Popular a través da Sistema de Interconexión de Rexistros, o día 29 de xaneiro, núm. Entrada: 202090000000100; foron as seguintes:

1º *En el entorno del lavadero de Ollos en Guísamo, ¿podrían indicarnos cómo va el proceso de eliminar los vertidos incontrolados en la zona que ya denunciaron vecinos tiempo atrás?*

(achegan fotografía)

2º *Tras las últimas lluvias a finales de año y sus consecuentes inundaciones de más de un metro y medio en la parte baja del Polígono de Bergondo, ¿qué medidas van a adoptar para que no se repitan?.*

(achegan fotografía)

3º *¿Disponen de algún avance con la rotonda de Guísamo? El Boletín Oficial del Estado publicó su anuncio, 22/03/2018*

4º *¿Disponen de algún avance de la pasarela que lleva pidiendo el alumnado del centro de formación agroforestal para reclamar un paso seguro en la Nacional VI y que en agosto de 2019 afirmaron en prensa su aprobación por parte de Fomento?.*

5º *En los pasados temporales de Diciembre con alertas por todos lados ¿cómo es posible que solo hubiese un policía local? ¿Cómo es posible que en todos los ayuntamientos limítrofes se reforzara la seguridad ciudadana menos en el nuestro?*

6º *Visto lo que pasa con los dos bombeos de Bergondiño y el de Rois, que está ya operativo el saneamiento pero los bombeos siguen sin luz, ¿podría indicarnos cuántos bombeos más hay en estas condiciones? ¿alcantarillado con vecinos conectados y bombeos sin energía?-*

¿Podría decirnos cuántos días al mes van a recoger de los pozos de bombeo las aguas fecales?.

7º *¿Cuándo van a contestar las alegaciones al proceso de inventario de caminos?*

8º *¿Tenemos disponibilidad de los terrenos de la marquesina instalada en Bergondo enfrente al extinto Banco central?*

9º *En Vixoi el camino do pico los taludes del mega relleno que se hizo está invadiendo la carretera con agua y barro, ¿qué medidas se van a adoptar para evitar que termine colapsando sobre la carretera? por cierto, hay árboles sin talar que invaden la carretera desde el último temporal.*

10º *En este mismo punto hay un tubo de pluviales que por el interior circula un conducto de fecales que tiene una arqueta de cemento rota y desborda de vez en cuando las fecales sobre el río, ¿cuándo la van a reparar por el bien del ecosistema?*

11º *El camino de A Devesa ¿no será mejor cerrarlo al tráfico? Está destrozado y es un auténtico peligro. ¿Tienen previsto repararlo?.*

12º *En el Pazo do Curro hay un camino municipal cortado por desprendimientos desde hace ya mucho tiempo, ¿tiene alguna previsión para repararlo?*

13º *En las aceras de asfalto de camino a Moruxo están cubiertas de musgo desde hace tiempo y resbala lo que imposibilita caminar sobre ella, ¿tiene alguna previsión para solucionar este problema?*

14º *¿Tienen algún plan que los vecinos podamos consultar y que contemple cuándo se limpian las aceras de nuestro Concello y por qué no se incluyen todas las aceras del Concello al menos alguna vez al año?*

15º *Nos piden los vecinos de Cortiñán que insistamos (nos consta que ya se pidieron en repetidas ocasiones) que se limpie el grafiti de la fuente municipal de Cortiñán, que atrae a pintores aficionados. ¿Tiene alguna previsión para limpiar la citad fuente?*

16º *¿Cuándo van a terminar de retirar los taludes tras el paso del temporal sobre los caminos municipales?*

Esta acta foi gravada con video e audio. Consta no expediente do TEDEC 2020/G010/000001 o video en formato mp4, que está dispoñible no seguinte enlace: <https://www.youtube.com/watch?v=Ffz5otbciNY&feature=youtu.be>. A pegada dixital desta gravación de video é a seguinte: AF8F858E8834A8E550DA789FE6AC75451D812EBBF58E91E6B8B1D7EFCA4E3E8A

Consta tamén no expediente TEDeC indicado a gravación de audio en formato mp3. A pegada dixital da gravación de audio é a seguinte:

EB5AE42483915D20044A14C11E08FB2DBE8B2F100C14EC891318DF9E3BE8241C

O algoritmo de pegada dixital é SHA-256 e o formato da pegada é a hexadecimal en ASCII (base 16). Pódese comprobar co arquivo e a ferramenta autofirma.

Non habendo máis asuntos que tratar, a Sra. alcaldesa-presidenta levanta a sesión, sendo as vinte e tres horas e trinta e tres minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura dixital da presidenta e da secretaria, que dá fe.

A secretaria
Ana M^a Cacharrón Castelos

V^o. e pr. A alcaldesa
Alejandra Pérez Máquez